

INFORMACIÓN DA RECOLLIDA DA REGUEIFA DE ARCOS (MAZARICOS)

No 2016 o grupo Retrouso estreou esta montaxe de baile e canto e pandeireta dentro do seu espectáculo ofrecido en vodas. Trátase dunha tradición galega na que unha parella bailaba diante dos noivos, acompañados de canto e pandeireta, coa dificultade engadida de que a bailadora o fai cun bolo de pan na cabeza, o que esixe un nivel de equilibrio e técnica ben grande. Esta tradición chegou ata nós circunscrita a amplas zonas da provincia da Coruña, fundamentalmente á Costa da Morte e comarcas achegadas: Barbanza, Sar, Muros, Noia, Santiago, Xallas, Barcala, Fisterra, Soneira e Bergantiños. Varían os bailes e as melodías, e tamén as ornamentacións dos bolos de pan, o que se coñece como a "regueifa" e que dá nome á tradición. No caso de Arcos, en Mazaricos, a regueifa utilizábase pura, sen adorno ningún, mostra de gran antigüidade e respecto ao sentido orixinal da tradición. A informante da parte cantada é María Palmier, nada no lugar de Arcos en 1920. A recolla foi realizada polo noso mestre de canto tradicional, Guillermo Ignacio. As informantes do baile foron Francisca Fernández Lema (Xián-Arcos, 1939) e Trina Cernadas (A Manda-Cuiro, 1939). A recolla foi realizada polo noso mestre de baile Miguel Sotelo, xunto a Tania García, Guillermo Ignacio e Nébeda Piñeiro. O obxectivo é rematar o baile sen que caia a regueifa, o que se converte nun símbolo de boa fortuna, riqueza e fecundidade para a parella acabada de casar, e como tal, o pan compártese, primeiro cos noivos e logo co resto dos convidados, como sinal de irmanamento. Bailan nesta ocasión: Miguel Sotelo e Elisa Garrido Cantan: Marta Juncal, Andrea Castro e Lucía Pereira Estrea nunha voda no Restaurante Marisquería Rocamar, en Baiona

Engadimos un texto preparado por Guillermo Ignacio sobre a tradición das regueifas en Arcos (Mazaricos): Cando había un casamento nunha aldea, os noivos facían un gran xantar na casa da noiva e logo cea, a base de carneiro e carne de becerra. Pola tardiña, toda a mocidade (30, 40 persoas ou máis) da parroquia ían á porta e pedían a regueifa: un bolo grande de pan trigo de dous ou tres quilos de peso (máis tarde, tamén coñac). Se aceptaban, púñanse de acordo de quen ía regueifar. Normalmente comezaban os mozos que estaban fóra da casa, primeiro saudando aos noivos (viva o noivo, a noiva, os padriños...) e logo con retranca meténdose con eles. Se se lle faltaba ao

respecto, meténdose coa familia, os convidados podían defender desde dentro, regueifando desde o sobrado da casa. Se a cousa ía a maiores, podía haber paus. Acabábase cando os regueifeiros non querían ou non daban cantado máis, pero este intervalo podía durar cinco, seis ou sete horas.

Daquela, os que cantaban nomeaban un partidor ou dous para que partiran e repartiran a regueifa entre toda a mocidade. Ás veces había complot e uns poucos podían marchar co molete. A regueifa recibíase bailando, como celebración e agradecemento. Unha boa bailadora poñíao na cabeza e botaba un solto cun mozo, xeralmente unha jota, acompañados polas pandeiretas ou no seu caso polo ghaiteiro. Logo, os partidores nomeados repartían entre as trinta ou corenta persoas que houbera alí.